



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL DE PORTAS PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DUN VEHÍCULO MOTOBOMBA.

En Santiago de Compostela, 22 de agosto de 2017

Por unha banda, _____, director xeral de Ordenación Forestal, segundo o Decreto 30/2012, do 4 de xaneiro, (DOG núm. 4 do 5 de xaneiro de 2012), polo que se dispón o seu nomeamento; actuando en nome e representación da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, en virtude das atribucións que lle confire a Orde do 17 de novembro de 2015 sobre delegación de competencias (DOG núm. 223 do 23 de novembro de 2015).

Da outra, _____, Alcalde do Concello de **Portas**, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia.

Ambas as dúas partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade para se obrigaren nos termos do presente convenio marco.

EXPOÑEN:

PRIMEIRO.- A Consellería do Medio Rural é o órgano da Administración galega ao cal, baixo a superior dirección da persoa titular do departamento, lle corresponde propor e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito rural, que engloba as competencias en materia de agricultura, gandería, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais, industrias agroalimentarias e forestais, montes, prevención e defensa dos incendios forestais, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27, apartado 10, que dispón que lle corresponde á Comunidade Autónoma Galega a competencia exclusiva en materia de montes, aproveitamentos forestais e naturais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de



Galicia, modificada pola disposición derradeira primeira da Lei 7/2012 do 28 de xuño de montes que establece as medidas preventivas que faciliten a loita contra o lume e que sirvan así mesmo para a posta en valor da potencialidade produtiva, ecolóxica e social do monte galego como base do desenvolvemento sustentable do medio rural.

SEGUNDO.- Os Concellos teñen atribuídas, a teor dos artigos 80 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia e 25 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, competencias en materia de protección do Medio Rural, protección civil e a prevención e extinción de incendios.

TERCEIRO.- Os incendios forestais son unha ameaza que afecta hoxe en día, de xeito xeral, non só ao patrimonio forestal público e privado; tanto montes de particulares, montes veciñais en man común e montes de varas; senón tamén aos recursos naturais e ao mantemento e desenvolvemento da actividade humana no medio rural.

CUARTO.- A Xunta de Galicia prestaralles a súa colaboración ás entidades locais para a prevención e extinción de incendios, ben a través de medios propios, ben por medio de mecanismos de apoio económico, segundo o disposto no artigo 59.1 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais.

QUINTO.- As administracións públicas de Galicia colaborarán entre si e cooperarán nas tarefas de prevención e loita contra os incendios forestais, achegando os medios materiais, económicos e humanos á súa disposición, segundo o disposto no artigo 8 da Lei 3/2007.

SEXTO.- As entidades locais de Galicia constitúen o tecido básico territorial sobre o que se ten que desenvolver a política de prevención contra os incendios forestais.

SÉTIMO.- Os incendios forestais no medio rural constitúen unha grave ameaza para calquera política seria de desenvolvemento rural, ademais de comprometer a sustentabilidade económica e social de Galicia e require o compromiso de todas as administracións, en particular a autonómica e local e do conxunto da cidadanía. A colaboración entre a administración autonómica e local pódese levar a cabo mediante a



actuación de vehículos motobomba dos Concellos convenientemente equipados, conforme aos requirimentos esixidos no anexo I. Esta colaboración, de claro interese público e social, presenta dificultades para promover a súa concorrencia pública, conforme ao disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, xa que, por unha banda, os medios deben estar dispoñibles e integrados no dispositivo do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais (en adiante SPDCIF) ao inicio da época de perigo alto, polo que se requiren procedementos administrativos da máxima axilidade; e por outra, dado que a longa experiencia acumulada polo SPDCIF na defensa contra os incendios forestais e o contacto directo entre os Distritos Forestais e os Concellos que neles se emprazan, fai que o SPDCIF coñeza perfectamente cales son os Concellos con vehículos motobomba que cumpren cos requirimentos do anexo I.

OITAVO.- Na tramitación deste convenio téñense en conta os requisitos establecidos no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Ambas as dúas partes acordan asinar o presente “Convenio para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dun vehículo motobomba” de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.-Obxecto

O obxecto do presente convenio é acordar a participación e colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de **Portas** na finalidade común de actuar nas tarefas de vixilancia, prevención e defensa contra incendios forestais coa finalidade de evitar os mesmos ou, cando menos, de minorar as súas consecuencias e o seu impacto negativo. En concreto a Consellería de Medio Rural financiará os custes de persoal nos que incurra a entidade local pola operatividade do vehículo motobomba.

SEGUNDA.- Operatividade e designación de responsable polo Concello

21. Concello comprométese a manter operativo/s o/s vehículos motobomba/s (en adiante VMB/s) durante cada un dos meses de vixencia do convenio, estando operativo/s dito/s



vehículo/s ou VMB/s) polo menos 16 horas ao día, tendo plena dispoñibilidade, incluíndo nela os traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias durante toda a vixencia do convenio, realizando labores de prevención e defensa contra os incendios forestais, sempre que non sexa/n requirido/s para a extinción destes.

22. Así mesmo garantizará a colaboración e coordinación co despregue de medios do Distrito Forestal, mediante a designación dunha persoa como responsable e coordinador do funcionamento do/s VMB/s, para establecer as relacións operativas e de comunicación co persoal do Distrito Forestal ao que pertenza o Concello.

TERCEIRA.- Especificidade dos traballos

Debido á especificidade dos traballos a realizar, procurarase que o persoal encargado do manexo e actuación do/s VMB/s teña experiencia nas tarefas de extinción de incendios forestais. Previamente á contratación do persoal encargado do manexo e actuación do/s VMB/s realizarase un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar. Na páxina web do Ministerio de Agricultura, Pesca, Alimentación e Medio Ambiente existe unha recomendación técnica sobre procedementos para a selección de persoal para a extinción de incendios forestais onde se describen os procedementos para os bloques de saúde e condición física: http://www.magrama.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/politica-forestal/incendios-forestales/seguridad/seleccion_personal_formacion_seguridad.aspx. A entidade local será responsable de que só se incorporen os motobombistas que superen o recoñecemento médico e as probas de esforzo según esta recomendación técnica.

CUARTA.- Contratación de persoal polo Concello

O persoal encargado do manexo e actuación do/s VMB/s que participe ao abeiro deste convenio dependerá tanto xurídica como organicamente do Concello e en ningún caso terá vínculo laboral coa Xunta de Galicia. O Concello deberá cumprir coa normativa vixente de prevención de riscos laborais para a realización dos traballos aos que se refire o presente convenio, asumindo as responsabilidades derivadas do incumprimento das súas cláusulas.



QUINTA.- Compromisos do Concello

Os medios persoais e materiais incluídos neste convenio, deberán dispoñer obrigatoriamente de:

- u) O persoal encargado do manexo do/s VMB/s deberá contar, como mínimo, co equipo obrigatorio de protección individual para realizar a súa función conforme ás normas do “Real Decreto 1407/92, do 20 de novembro, por el que se regulan las condiciones de comercialización y libre circulación intracomunitaria de los equipos de protección individual”, con EPIS enmarcados na categoría II. (Véxase Anexo I).
- v) O/s VMB/s. con matrícula/s: **6752 GHT**, incluído/s neste convenio estará/n e permanecerá/n en perfectas condicións mecánicas e de dotación, contando co equipamento mínimo especificado no Anexo I. Así mesmo, estará/n ao corrente en toda a documentación, cumprindo coas obrigas administrativas que leva aparelladas en materia de inspección técnica (ITV), pólizas dos seguros, impostos, etc. O Concello comprométese a efectuar as reparacións e revisións o antes posible e sempre a conta deste, para garantir o seu continuo funcionamento.

SEXTA.- Traballos a realizar

- 41. A planificación da actuación en materia de prevención e defensa contra incendios forestais corresponderá á Consellería de Medio Rural, de acordo coa comisión de seguimento do convenio, de xeito que o/s VMB/s participe/n nos labores encamiñados á prevención, construción e mellora de infraestruturas de defensa contra incendios forestais, que diminúan o risco de propagación e minoren os danos dos incendios, no caso de producirse. Estes labores desenvolveranse sempre dentro do ámbito territorial do Concello.
- 42. O punto de traballo e horario para o/s VMB/s fixarase polo Concello de acordo coa comisión de seguimento, segundo a carga de traballo existente en cada momento.
- 43. Os VMB/s colaborarán prioritariamente con respecto a outros traballos na extinción de incendios forestais integrándose no dispositivo de emerxencias do Distrito Forestal onde se sitúe o Concello, segundo o disposto no artigo 47 da Lei 43/2003, de montes e no artigo 48.6 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais.



44. Así mesmo, cando concorran razóns extraordinarias, poderá/n colaborar na defensa de incendios declarados noutros ámbitos territoriais, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo da correspondente indemnización polos gastos ocasionados.

SÉTIMA.- Coordinación dos traballos

21. Co fin de velar pola execución do presente convenio, crearase unha comisión de seguimento, composta polo xefe provincial do SPDCIF ou un técnico do Servizo no que delegue, por un técnico do Distrito Forestal ao que pertenza o Concello e por un representante do Concello designado polo alcalde que poderá se-lo coordinador do funcionamento do/s VMB/s.
22. Esta comisión reunirse inmediatamente para a resolución de calquera incidencia relacionada co convenio, e ademais realizará as funcións que lle atribúen as demais cláusulas deste convenio.

OITAVA.- Posta a disposición de medios de radiocomunicacións

Sempre que fora necesario e durante a vixencia do convenio, a Consellería do Medio Rural porá a disposición do Concello os medios de comunicación precisos para a integración do/s VMB/s na Rede de Radio do SPDCIF, sendo responsabilidade do Concello calquera deterioro que sufran estes equipos polo uso non axeitado para a súa finalidade e devolvelos unha vez finalizada a vixencia deste convenio en perfecto estado.

NOVENA.- Orzamento

A Consellería do Medio Rural aportará unha contía total máxima de **14355 €** financiada con cargo á aplicación orzamentaria 13.02.551-B. 760.0 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano **2017**. Esta achega distribuirase do seguinte xeito:

- Pola operatividade de cada vehículo motobomba: 4.785,00 € /mes

O IVE soamente será subvencionable na medida en que non sexa susceptible de recuperación ou compensación.



DÉCIMA.- Gastos subvencionables.

21. Son gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada neste convenio e que se realicen dende o inicio da operatividade do/s VMB/s ata o prazo de finalización da mesma, incluíndo os gastos de persoal e equipamentos e os gastos de mantemento e funcionamento dos vehículos motobomba. Non serán subvencionables, pola contra, os gastos de reparación destes vehículos.
22. Con carácter xeral, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local. Non obstante, no caso de pagamentos anticipados considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado pola entidade local con anterioridade á finalización do período de xustificación,

DÉCIMO PRIMEIRA.- Pagamento anticipado

Poderase librar un primeiro pagamento de ata un 50% do importe total da achega correspondente á Consellería, mediante resolución motivada do director xeral de Ordenación Forestal, en virtude das atribucións que lle confire a Orde do 30 de marzo de 2012 sobre delegación de competencias; e tendo en conta o artigo 6.2.3 do Decreto 193/2011 do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas e previo envío, por parte do distrito forestal, do informe favorable da operatividade do/s VMB/s, no que se reflectirá:

- Nomes do persoal encargado do manexo do/s VMB/s, con especificación do responsable e do número de teléfono de contacto.
- Equipamento obrigatorio de protección individual, segundo estipula o Anexo I.
- Equipamento mínimo para o/s VMB/s, segundo estipula o Anexo I, facendo constar ademais que están ao corrente en toda a documentación deste/s, segundo estipula a cláusula quinta do convenio.

A xustificación deste anticipo polo Concello realizarase coa conta xustificativa do pagamento final.



DÉCIMO SEGUNDA.- Conta xustificativa do convenio

Para proceder ao pagamento final do convenio deberá enviar a seguinte documentación, ao remate deste:

41. Por parte do Concello, conta xustificativa do convenio que incluírá:

- oo) Certificación expedida no Concello relativa ao cumprimento da finalidade do convenio e aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada. Xúntase modelo orientativo, segundo ANEXO III.
- pp) Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada, distinguindo os gastos imputables ao primeiro pagamento, (50 % do importe da achega) no caso de telo percibido, do resto de gastos (xúntase modelos orientativos, segundo ANEXOS VII e VIII).
- qq) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, segundo o disposto no artigo 48.2 e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia .
- rr) Certificación indicando se o IVE ten ou non condición de deducible para o Concello (soamente no caso de que a xustificación se realice mediante facturas), expedida polo funcionario competente do concello (secretario-interventor ou no caso de que sexan dúas competencias diferenciadas, certificación do secretario e informe do interventor).

42. Por parte da Consellería:

- k) Unha certificación expedida polo funcionario responsable do seguimento do convenio na que se faga constar se a colaboración co SPDCIF foi satisfactoria ou non. No caso de que a certificación considerase que a colaboración non foi favorable, a comisión de seguimento poderá propor a modificación á baixa ou o non pagamento da cantidade comprometida no convenio. Segundo a proposta da comisión de seguimento, logo de resolución do órgano competente, o Concello estará obrigado a devolver todo ou parte do primeiro pagamento, no caso de telo percibido. Do mesmo xeito, e no caso de que a certificación reflicte que os medios conveniados non estiveron operativos durante toda a vixencia do convenio, a liquidación a percibir respecto ao total da axuda, será proporcional á



relación existente entre o período efectivo de operatividade e o período establecido no convenio.

43. O prazo de presentación da documentación para o pagamento final rematará o 15 de outubro de 2017, para aqueles casos nos que a operatividade dos vehículos motobomba finalice antes do 1 de outubro, para o resto de casos concederanse 15 días para a xustificación dende o remate da súa operatividade.
44. Sen prexuízo do disposto para os anticipos, as entidades locais beneficiarias estarán obrigadas a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria dos beneficiarios de cada un dos abonos das subvencións concedidas.

DÉCIMO TERCEIRA.- Comprobacións da xestión dos fondos

O Concello someterase ás actuacións de comprobación que con respecto a xestión dos fondos do presente convenio pode efectuar a Consellería do Medio Rural e ás de control orzamentario requiridas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

DÉCIMO CUARTA.- Compatibilidade con outras axudas

As axudas concedidas no presente convenio serán incompatíbeis con calquera outra de réxime comunitario para a mesma finalidade.

Así mesmo no suposto de que o importe do convenio, illadamente ou en concorrencia con axudas doutras administracións públicas ou privadas, supere o total do custo da actividade, procederase ao reintegro do exceso percibido.

DÉCIMO QUINTA.- Reintegros.

31. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.
32. incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio, así como a concorrencia dalgunha das causas de reintegro recollidas no artigo 33 da Lei 9/2007, darán lugar ao reintegro total ou parcial da axuda recibida.



33. No caso de que exista unha minoración do gasto por calquera das causas anteriores, correspóndelle esta minoración á achega efectuada pola Consellería do Medio Rural.

DÉCIMO SEXTA.- Interpretación.

A Consellería do Medio Rural interpretará o clausulado e resolverá as diverxencias que puideran acaecer, así como as dúbidas ou calquera outra incidencia que se derive do cumprimento, do disposto no presente convenio.

DÉCIMO SÉTIMA.- Rescisión do convenio

Será motivo de rescisión do presente convenio o incumprimento das súas cláusulas mediante denuncia de calquera das partes, oída a comisión á que se refire a cláusula sétima, procedéndose ao reintegro da axuda percibida e dos xuros de mora, segundo o disposto no Título II da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

DÉCIMO OITAVA.- Publicidade

O Concello de **Portas** presta o seu consentimento á Consellería do Medio Rural para incluír e facer públicos, nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas.

DÉCIMO NOVENA.- Natureza do convenio e normativa aplicable

O presente convenio ten natureza administrativa e todas as cuestións que del se deriven, resolveranse ante a xurisdición contencioso administrativa.

En todo o non previsto neste convenio, estarase ao disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei.

VIGÉSIMA.- Vixencia

Os medios aos que se refire este convenio, sempre e cando cumpran co clausulado, deberán estar operativos durante o período de vixencia que nunca excederá do 31 de decembro do 2017. Que para o presente caso será de **tres** meses, do seguinte xeito:

- O vehículo motobomba coa matrícula **6752 GHT**, dende a data da sinatura do convenio



por un prazo de 3 meses.

Por causas xustificadas poderá demorarse a data de inicio prevista anteriormente nun máximo de 1 mes o que quedará acreditado na correspondente acta da Comisión de Seguimento na que se deixará constancia da nova data de inicio. Neste caso o período previsto contarase a partir desa nova data ata cumprir o prazo máximo estipulado.

En proba de conformidade, as partes asinan por triplicado na data e lugar indicados no encabezamento.

A conselleira de Medio Rural

P.D. O director xeral de Ordenación Forestal

Orde do 17/11/2015

(DOG núm. 223, 23 de 11 de 2015)

O alcalde do Concello de **Portas**



ANEXO I EPIS E EQUIPO DE MOTOBOMBAS

EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL PARA A REALIZACIÓN DE TRABALLOS DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

Toda prenda ou accesorio deberá estar certificado conforme establece o Real decreto 1407/92 do 20 de novembro, de aplicación no noso país da Directiva Comunitaria 89/686 CEE para a realización destes traballos, e de acordo con esta normativa, os EPIS serán de CATEGORÍA 2.

Comprobación de certificación:

- Etiquetado da prenda ou accesorios con marcado CE e simboloxía que indique "para que" está certificado, talla, nome do fabricante, ano de fabricación e composición do tecido.
- Toda prenda ou accesorio levará un folleto informativo adxunto para o usuario onde se indique o uso para o que foi confeccionado e certificado, e a súa vida útil.

11. EQUIPAMENTO OBRIGATORIO

Estará composto por:

- 1.1.- Mono
- 1.2.- Botas
- 1.3.- Casco
- 1.4.- Luvas
- 1.5.- Mascarilla e filtros
- 1.6.- Gafas
- 1.7.- Protector do colo

1.1.- MONO

- Tecido ignífugo resistente ó desgarro.
- Pechado con cremallera metálica inoxidable oculta baixo tapeta. Cosido con fío ignífugo, de meta-aramida ou equivalente.

1.2.- BOTAS

1.2.1.- Sola:

- De goma dura, labrada e antideslizante. Cosida, vulcanizada ou pegada.
- Resistente ó calor por contacto (certificación HRO).
- Illamento térmico do piso (certificación HI).

1.2.2.- Plantilla anticalórica.



1.2.3.- De media cana de coiro negro, impermeabilizada e transpirable.

1.3.- CASCO

- Non metálico, ininflamable, non conductor da electricidade.
- Con barbuqueixo regulable

1.4.- LUVAS

- De pel natural transpirable, suave, flexible. Axustados á moneca.
- Con mosquetón: enganche e beira de suxeición inoxidables.

1.5.- MASCARILLA

- Antialérxica, suave, flexible, con bordes redondeados. Cubrirá só a zona buco-nasal. Amplo campo de visión.
- Con filtros duros para fumes, pos e neblinas.

1.6.- GAFAS

- Visor incoloro, transparente e flexible e tratado contra o empañamento.
- Un só plano frontal, ópticamente neutro e resistente ó impacto.

1.7.- PROTECTOR DO COLO

- Prenda de tecido ignífugo acoplado no casco que cubre alomenos a parte posterior do colo.

2.- EQUIPAMENTO COMPLEMENTARIO RECOMENDABLE

2.1.- Cinto (Tecido forte provisto de peches, ollais e presillas metálicas e inoxidables. Bordos rematados e reforzados).

2.2.- Lanterna (facilitaría o traballo do persoal durante a noite)

2.3.- Camiseta



Para máis información sobre equipos de protección individual en extinción de incendios forestais consultar http://www.mapama.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/politica-forestal/incendios-forestales/seguridad/equipos_de_proteccion.aspx

EQUIPAMENTO MINIMO PARA OS VEHICULOS MOTOBOMBA

41. Mangotes (6 metros en 4 tramos) coas súas claves correspondentes.
42. Mangueras (25 mm diámetro; 15 tramos de 20 m; 45 mm de diámetro; 4 tramos de 15 m)
43. Lanzas (3 de 25 TB e 2 de 45 TB)
44. 2 Bifurcacións 45TB/25TB con válvulas de paso.
 - 2 Reducións de 45 TB/25TB
 - 1 válvula de corte con racor TB 25
5. Xuntas de racores (mínimo 5 de 25 TB e 5 de 45 TN)

BOTIQUÍN: un por vehículo motobomba

EXTINTOR: un por vehículo motobomba



ANEXO II SOLICITUDE DE PAGAMENTO FINAL

CONCELLO:
**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL DE
 PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS
 MEDIANTE A ACTUACIÓN DUN VEHICULO MOTOBOMBA NA LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS**

D./Dna. en calidade de ALCALDE/ESA
 DO CONCELLO DE, beneficiario da axuda arriba indicada,

DECLARA:

Que unha vez rematadas as actuacións anuais subscritas no convenio asinado entre partes,
CUMPRIUSE A FINALIDADE PARA A QUE FOI CONCEDIDA A AXUDA e, por tanto

SOLICITA:

A conseqüente tramitación do pagamento neste exercicio, para o que achega:

RELACIÓN DE DOCUMENTACIÓN INCLUÍDA NA XUSTIFICACIÓN

- 1. (RELACIONAR NOMEADAMENTE A DOCUMENTACIÓN ACHEGADA).
- 2.

..... de de 20__

Asdo.: alcalde/alcaldesa



ANEXO III CERTIFICACIÓN APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA

D./Dna. en calidade de

CERTIFICO,

Que en relación co **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR E O CONCELLO DE** **PARA A ACTUACIÓN DUN VEHICULO MOTOBOMBA**, cumpriuse a finalidade para a que foi concedida a axuda, realizándose esta actividade e supunendo un custo real de€, con IVE, o que se corresponde cun gasto de€, sen IVE (segundo o disposto nos anexos VII e VIII).

....., de de 20....

Asdo.:



ANEXO IV MODELO DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS

D./Dña..... en calidade de
 ALCALDE/ALCALDESA DO CONCELLO DE, en relación co **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL DE**
PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DUN VEHICULO MOTOBOMBA NA LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS, declaro:

- Que non obtivo e/ou solicitou outras **axudas** para a mesma finalidade.
- Que obtivo e/ou solicitou as seguintes axudas compatibles coa do convenio para a mesma finalidade:

ANO	CUANTÍA SOLICITADA	CUANTÍA CONCEDIDA	ENTIDADE	PROGRAMA DE AXUDAS

....., de de 20__



ANEXO V MODELO DECLARACIÓN IVE DEDUCIBLE

D./Dña..... en calidade de secretario/
secretario- interventor do concello de, en relación co **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL DE PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DUN VEHICULO MOTOBOMBA NA LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS**, declaro:

- O IVE dos gastos imputados en materia de vixilancia e defensa contra incendios forestais ten a condición de deducible para esta entidade local.

- O IVE dos gastos imputados en materia de vixilancia e defensa contra incendios forestais **NON** ten a condición de deducible para esta entidade local.

....., de de 20____



ANEXO VI MODELO DECLARACIÓN NON EXISTENCIA DÉBEDAS

D./Dña..... en calidade de secretario/
secretario- interventor do concello de, en relación co **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL DE PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DUN VEHICULO MOTOBOMBA NA LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS**, declaro:

- A entidade local se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

- A entidade local non é debedor por resolución de procedencia de reintegro.

....., de de 20__



ANEXO VII CONTA XUSTIFICATIVA PERSOAL

MODELO XUSTIFICACIÓN PAGAMENTO FINAL PERSOAL (MOTOBOMBA)

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL DE PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DUN VEHICULO MOTOBOMBA NA LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

Nome do Concello: _____ **NIF do Concello:** _____

IMPORTANTE: debido ao abono anticipado do 50%, os custes de persoal asociado ás actuacións de motobomba deberán ser desagregados de xeito tal que, para cada traballador e mes, deberá sinalarse o importe imputado contra o anticipo xa realizado (50%), da cantidade restante (50%).

XUSTIFICACIÓN IMPORTE DO ANTICIPO (50%)

NOME DO TRABALLADOR/A 1:

DNI:

DATA DE INICIO DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIO¹:

DATA DE FIN DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIDO²:

Importe xustificado a este convenio

Mes ³	Total devengado ^A	SS a cargo do Concello ^B	Importe imputado a este convenio (A+B)
xullo			
agosto			
setembro			
outubro			
novembro			
TOTAL			

NOME DO TRABALLADOR/A 2:

DNI:

DATA DE INICIO DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIO¹:

DATA DE FIN DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIDO²:



Mes ³	Total devengado ^A	SS a cargo do Concello ^B	Importe imputado a este convenio (A+B)
xullo			
agosto			
setembro			
outubro			
novembro			
TOTAL			

NOME DO TRABALLADOR/A 3:

DNI:

DATA DE INICIO DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIO¹:

DATA DE FIN DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIDO²:

Mes ³	Total devengado ^A	SS a cargo do Concello ^B	Importe imputado a este convenio (A+B)
xullo			
agosto			
setembro			
outubro			
novembro			
TOTAL			

SUMA TOTAIS				
--------------------	--	--	--	--

XUSTIFICACIÓN IMPORTE RESTANTE (20%)

NOME DO TRABALLADOR/A 1:

DNI:

DATA DE INICIO DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIO¹:

DATA DE FIN DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIDO²:

Mes ³	Total devengado ^A	SS a cargo do Concello ^B	Importe imputado a este convenio (A+B)
xullo			
agosto			
setembro			
outubro			
novembro			
TOTAL			



NOME DO TRABALLADOR/A 2:

DNI:

DATA DE INICIO DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIO¹:

DATA DE FIN DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIDO²:

Mes ³	Total devengado ^A	SS a cargo do Concello ^B	Importe imputado a este convenio (A+B)
xullo			
agosto			
setembro			
outubro			
novembro			
TOTAL			

NOME DO TRABALLADOR/A 3:

DNI:

DATA DE INICIO DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIO¹:

DATA DE FIN DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIDO²:

Mes ³	Total devengado ^A	SS a cargo do Concello ^B	Importe imputado a este convenio (A+B)
xullo			
agosto			
setembro			
outubro			
novembro			
TOTAL			

SUMA TOTAIS			
--------------------	--	--	--

XUSTIFICACIÓN IMPORTE TOTAL (100%)

	Total devengado ^A	SS a cargo do Concello ^B	Importe imputado a este convenio (A+B)
ANTICIPO (50%)			
RESTANTE (50%)			
SUMA TOTAIS			

....., dede 20____

Vº e prace

Asdo.:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral
de Ordenación Forestal

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 108 Fax: 981 546 101
mediorural.montesgalicia@xunta.gal

galicia

O/a alcalde/alcaldesa

O secretario/O secretario-interventor

¹ Esta data non poderá ser anterior ao comezo da operatividade.

² Esta data non poderá ser posterior ao remate da operatividade.

³ Engadir os meses e/ou traballadores que sexa necesario.

ANEXO VIII CONTA XUSTIFICATIVA OUTROS GASTOS

MODELO XUSTIFICACIÓN PAGAMENTO FINAL OUTROS GASTOS (MOTOBOMBA)

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL DE PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DUN VEHICULO MOTOBOMBA NA LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

Nome do Concello: _____ **NIF do Concello:**

Notas explicativas:

(*) Incluirase unha explicación clara e comprensiva do gasto imputable ao convenio.

(**) **Lémbrese que o IVE soamente será subvencionable na medida en que non sexa susceptible de recuperación ou compensación.**

Todas as posibles aclaracións a esta ficha poderán ser reflectidas, se se considera necesario nun informe resumo.

IMPORTANTE: debido ao abono anticipado do 50%, o pagamento de custes asociados ás actuacións de motobomba deberá ser desagregado de xeito tal que, sinalarase o importe imputado contra o anticipo xa realizado (50%), da cantidade restante (50%).

XUSTIFICACIÓN IMPORTE TOTAL (100%)

	Importe TOTAL (SEN IVE)	Importe TOTAL (CON IVE)
Anticipo		
Restante		
TOTAL		

....., de de 20 ____

Vº e prace

Asdo.:

O/a alcalde/alcaldesa

O secretario/O secretario- interventor